



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.

T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal

atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

CIRCULAR 92-2025

X CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE TRAIL RUNNING POR CLUBS ABSOLUTO I CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE TRAIL RUNNING POR CLUBS PROMOCIÓN

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o domingo 25 de maio en Barbadás, o Campionato Xunta de Galicia Trail Running por Clubs, Absoluto e Promoción, en colaboración co Castro Trail e o Concello de Barbadás.

Art.2).- Poderán participar atletas, das categorías Sub 16 e superiores que teñan licenza en vigor por algún club de Galicia, e válida para as probas de Trail Running.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 20:00 horas do luns 19 de maio.

- Cada entidade poderá inscribir a un equipo por campionato e sexo, atendendo ás seguintes especificacións:

CAMPIONATO	CATEGORÍAS	Nº PRAZAS	PUNTÚAN
Absoluto	Sub 23 e superiores	5	3
Promoción	Sub 16, Sub 18 e Sub20	4	2

Art.4).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Recollida de dorsais:

DÍA	HORARIO	LUGAR
Sábado 24	16:00: a 18:30	Polideportivo Municipal de Barbadás https://maps.app.goo.gl/kCiRNxV68W1LDqte9
Domingo 25	07:30 ata 20" antes de cada proba	Secretaría

Art.5).- Cámara de chamadas

- Os participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma, e deberán saír á zona de competición coa camiseta e o dorsal posto.
- Deberán acceder á vez tódolos integrantes do equipo.
 - o No caso de non presentarse co mínimo de 3 atletas en categoría absoluta, ou de 2 atletas en categoría promoción, non poderán tomar parte da carreira salvo que se atopen anotados, a título individual, no Castro Trail Xtrem.
- Peche da cámara de chamadas → 10' antes da proba.



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Art.6).- Horario e lugar de saída: (perfís ó final do documento)

APERTURA CÁMARA CHAMADAS	PECHE CÁMARA CHAMADAS	HORA SAÍDA	DISTANCIA	DESNIVEL	CATEGORÍAS	PECHE CONTROL META
08:20	08:50	09:00	27,6 km	1550 m +	Sub23, Absoluta, Master	14:00*
09:10	09:35	09:45	9 km	510 m +	Promoción: Sub16, Sub18, Sub20	11:45

*Pecharase o control de chegada unha vez cumprido o tempo determinado para cada carreira ou coa entrada do último atleta clasificado/a.

Localización da saída e meta:

Parque da Liberdade, Barbadás: <https://maps.app.goo.gl/aVoP6sy8qKfLjkcP6>

Art.7).- Abastecementos:

- A proba absoluta será en semi-autosuficiencia, podendo abastecerse nos puntos a tal efecto de forma individual. A asistencia externa NON está permitida.
 - o Habará 5 abastecementos COMPLETOS no percorrido:

Puntos Quilométricos	5,3	11,8	16,6	19,2	21,2
----------------------	-----	------	------	------	------

- A proba de promoción será en autosuficiencia.

Art.8).- Material Obrigatorio.

O material estará revisado polo comité galego de xuíces, podendo facerse total ou parcialmente en saída, meta ou durante o percorrido.

A FGA, atendendo á meteoroloxía, poderá modificar as seguintes listaxes, ata 5 días antes da proba, mediante a publicación dunha circular anexa.

Listaxe de material obrigatorio:

- Dorsal visible na parte frontal
 - Manta térmica
 - Chifre
 - Teléfono móbil (operativo)
 - Sistema de hidratación na proba absoluta, con capacidade mínima de 0,5 litros.
- ❖ As penalizacións e descualificacións sobre o material obrigatorio serán as oficiais da circular 105-2023 da Federación Galega de Atletismo.

Listaxe de material recomendado:

- Curta ventos ou chaqueta impermeable
 - Tubular ou gorra.
- ❖ Uso de auriculares ou elementos de igual índole non está permitido.



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Art.9).- Sistema de clasificación por clubs:

- Confeccionarase, para cada categoría (absoluta e promoción), unha listaxe por orde de chegada, excluindo desta a aquelas persoas cuxos equipos non puntúen coa cantidade mínima de atletas establecida.
- Atribuiráselle a cada atleta un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo a citada listaxe.
- Proclamarase vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.
- Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuxo último atleta en puntuar acadase mellor posición.

Art.10).- Entrega de premios

- Os/as tres primeiros/as equipos Absolutos e de Promoción, recibirán un trofeo conmemorativa do Campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de entrega de premios.
- A entrega de premios realizarase, nas inmediacións da meta, a partir das 13:30 horas.

Art.11).- Puntuacións para o Ránking Galego de Trail Running

- As probas puntuarán como Campionato de Galicia para o ránking classic e preclassic.
- As puntuacións acadaranse dos resultados individuais conxuntos entre o Cto. de Galicia e o Castro Trail Xtrem, multiplicando todos eles por 10.

Art.12).- Servizos complementarios

- Porase a disposición dos participantes un servizo de duchas e vestiarios no Polideportivo Municipal de Barbadás: <https://maps.app.goo.gl/kCiRNxV68W1LDqte9>
- Os atletas que desexen, a maiores, optar ós premios, agasallos e servizos da proba popular, deberán inscribirse na mesma a través da páxina www.carreirasgalegas.com

Art.13).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 25€ por equipo.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA a través do correo competicion@atletismo.gal antes de superadas as 48 horas dende o inicio da competición.

Art.14).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500




**DEPORTE
GALEGO**

A Coruña, a 28 de abril do 2025

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo

PERCORRIDOS E LIGAZÓNS:

Campionato Absoluto: <https://tracedetrail.fr/en/trace/281103>



Campionato Promoción: <https://tracedetrail.fr/en/trace/281418>

